



**ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E  
A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA O  
DESENVOLVEMENTO DA ADMINISTRACION ELECTRÓNICA NAS ENTIDADES  
LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 13 de outubro de 2010

**REUNIDOS**

**DUNHA PARTE**, don Alfonso Rueda Valenzuela, conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en exercicio das súas competencias atribuídas de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e o Decreto 303/2009, do 15 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**DOUTRA PARTE**, dona M.<sup>a</sup> del Mar Pereira Álvarez, secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Secretaría Xeral de Innovación e Modernización Tecnolóxica (en adiante, SXMIT), en exercicio das súas competencias atribuídas polo Decreto 207/2009, do 23 de abril, en virtude da desconcentración de competencias que lle atribúe a disposición adicional segunda, apartado b) do Decreto 325/2009, do 18 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

**E DOUTRA PARTE**, don Carlos Antonio Fernández Castro, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante, Fegamp).

Todas as partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecéndose de modo recíproco capacidade, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir a presente addenda e na súa virtude, **EXPOÑEN:**

I.- En data 13 de xullo de 2010 asinouse o convenio referido e na súa cláusula cuarta do capítulo primeiro establecíase un período para a adhesión, sendo o prazo excesivamente curto.

As partes reunidas **ACORDAN:**

I.- Ampliar o prazo establecido na cláusula cuarta do capítulo primeiro ata o día 31 de marzo de 2011.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente, no lugar e data sinalados *ut supra*.

Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	Secretaría xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica	Presidente da Fegamp
		
Alfonso Rueda Valenzuela	M. <sup>a</sup> del Mar Pereira Álvarez	Carlos Antonio Fernández Castro